¿Como definir entón a esta curiosa forma de sociabilidade? A maioría dos estudos desta liña de investigación eluden o compromiso de definir o seu obxecto fundamental de estudo, debido á enorme dificultade que esta tarefa encerra; outros autores, incluído o que escribe estas liñas, intentaron definila por medio dun concepto xeral do xeito máis explicativo posible, vexámolo: «pechada sociedade de apoio mútuo, de índole iniciática e profundo carácter relixioso ou místico que, teoricamente, persegue a declarada ambición de converterse nunha influente, moralizante e tolerante elite, para así poder acadar a súa humanitarista aspiración especulativa primordial fundamentada na gradual superación ética do individuo cara a conquistar, por este camiño, a súa cosmopolitista e ilustrada utopía final cifrada na consecución dunha humanidade perfecta grazas á xeralizada expansión dos lazos dá auténtica fraternidade. Ou espazo de sociabilidade da francmasonería é a loxia ou o «obradoiro», verbas que, na masonería, contraen contidos plurais moi amplos ó entenderse tamén como a prototípica agrupación ou colectivo de individuos masóns. Nos inicios da historia moderna desta asociación, a loxia deixou de ser o taller dos constructores para pasar a ser ó lugar que, nun principio, fora a sá ou reservado das tabernas inglesas onde estes primeiros masóns especulativos celebraban as súas secretas reunións institucionais chamadas «tenidas», para, máis tarde, chegar a posuír -en propiedade ou mediante aluguer- un lugar de reunión estable onde, ata hoxe, véñense a reunir os masóns e denominan «templo».¹⁵ Outros investigadores intentaron definila por exclusión; é dicir, explicando o que non é, seguindo máis ou menos a definición dada, en 1935, por Bernard Fay,¹⁶ como o profesor José Antonio Ferrer Benimeli que, con excesiva simplicidade e irreflexiva rotundidade, definiuna do seguinte xeito: «a masonería non é un partido político, nin un sindicato, tampouco é unha relixión, nin unha secta, e nin sequera é na actualidade unha sociedade secreta, aínda que, naturalmente, teña os seus segredos como calquera outra institución».¹⁷ Este mesmo autor ofrecerá, máis tarde, outro xeito distinto de definir a esta asociación incidindo excesivamente -como tamén fai o profesor Pedro Fermín Álvarez Lázaro ao que parece seguir en todo isto-, na súa para min obrigadamente sopesable, cuestionable ou matizable labor pedagóxica -que non deontolóxica-, dicindo: «A Masonería pódese considerar, pois, desde o seu nacemento, como unha escola de formación humana, na que, abandonados completamente os ensinamentos técnicos da construción, transformábase (sic) nunha asociación cosmopolita que acollía no seu seo a homes diferentes pola lingua, a cultura, a relixión, a raza, e ata polas súas conviccións políticas, pero que coincidían no desexo común de perfeccionarse por medio dunha simboloxía de natureza mística ou racional, e da axuda aos demais a través da filantropía e a educación».¹⁸

¹⁵ VALÍN FERNÁNDEZ, A. J. V. «Francmasonería e emigración. Interrelación e reciprocidade entre as masonerías galega e americana», en *O significado do 98 na historia cubana e española. A súa transcendencia nas relacións Galicia-Cuba* (Ponencia presentada ao Congreso Internacional celebrado en Vigo do 5 ao 7 de febreiro de 1998). En prensa. Do mesmo autor: «Masonería e Iglesia», en VV. AA. *Las religiones en la historia de Galicia* (Marco V. García Quintela, ed.). Santiago (A Coruña), Universidade de Santiago de Compostela, 1996, p. 579; e a xa citada voz *Masonería* da *Gran Enciclopedia Galega, Op. cit.*

¹⁶ FAY, B. *La francmaçonnerie depuis son origine jusqu'à nos jours*. París, de Cluny, 1935, p. 116. Citado en: FERRER BENIMELI, J. A. *El Contubernio Judeo-Masónico-Comunista. Del Satanismo al escándalo de la P2*. Madrid, Istmo, 1982, p. 341.

¹⁷ FERRER BENIMELI, J. A. *La Masonería en Aragón*. Zaragoza, Librería General, 1979. Vol. I, p. 22; tamén no Prólogo da seguinte obra: AYALA, J. A. *La masonería en la región de Murcia*. Murcia, Ediciones Mediterráneo, 1986, p. 13.

¹⁸ *Vid., e. g.*: FERRER BENIMELI, J. A. «Qué es la masonería», en VV. AA. *Exposición 1728. La masonería*

Tamén hai masonólogos que, sen atreverse a teorizar *in extenso* sobre o seu obxecto primordial de investigación, definíndoo, como deberían, coa esixida claridade e o necesario, distanciador e académico espírito crítico correspondente, fan fincapé, cando se refiren a esta liña de investigación no que para eles vai a estribar, esencialmente, a súa realidade ou a súa función intrínseca. Este é o caso do historiador da educación citado liñas arriba Pedro F. Álvarez Lázaro que, na súa segunda monografía sobre o tema, chega a esbozar unha especie de brevísima conceptualización desta complexa sociedade por medio dun sistema esaxeradamente reduccionista, ao circunscribirla ao estricto -aínda que transcendental- ámbito fundamental das súas propias investigacións, o pedagóxico; entendendo, entón, á masonería¹⁹ coma unha «escola de formación do home e do cidadán», créndoa, exclusivamente, coma «...unha institución que ten como finalidade a formación intelectual e moral do home, conforme a un espírito de tolerancia e universalismo.»²⁰ Ao ler estas verbas non podemos evitar o feito de asocialas, automaticamente, co ensalzador e mitificador estilo discursivo que a propia masonería utilizou e segue utilizando como reclamo propagandístico cando se refire a si mesma. Non hai dúbida que o autor en cuestión -ademais de reducir excesivamente o campo conceptual da súa definición- non garda a suficiente distancia con respecto ao seu obxecto de estudo, como adoita ser o costume deste publicista xesuíta cando pretende discursar cientificamente sobre o tema, posuíndo o seu almiarado discurso un compendio de estraños e obsoletos tratamentos ensalzadores, tanto cara «As Súas Santidades» os papas romanos como, curiosamente, cara a súa benquerida e admirada institución masónica.

Hai outros estudiosos da francmasonería, como Pere Sánchez i Ferré que, sen ofrecer tamén o esixido distanciamento crítico, intentan definir a «Orde do Gran Arquitecto do Universo», por medio dun acientífico e manifesto estilo propagandístico,²¹ centrando o discurso definitorio desta asociación neste caso particular, na carga de coñecemento esotérico e no ocultista ámbito que, como toda sociedade iniciática, obviamente posúe, cando di: «La maçonneria és un orde de tradición iniciática que té el seu origen en les *collegia fabrorum* romanes i les corporacions de constructors medievals. Practica el ritual i la cerimònia, creu en la seva eficàcia i reconeix l'existència d'un principi superior que anomena Gran Arquitecte de l'Univers. És també unha escola de pensament que estuda la ciència dels símbols, cerca la veritat, es dedica a activitats filantròpiques i

española. 1939. Alicante, Instituto de Cultura «Juan Gil-Albert. Diputación Provincial de Alicante, 1989, p. 10; o mesmo artigo reproducíuse tamén en (Alberto J. V. Valín Fernández e Carlos Díaz Martínez, coords), *Masonería Universal. Una forma de... Op. cit.*, pp. 35-54.

¹⁹ Como, en certa maneira, aínda que salvando a correspondente distancia, fai tamén -como xa adiantamos- o profesor Ferrer na súa segunda definición.

²⁰ ÁLVAREZ LÁZARO, P. F. *La masonería, escuela de formación del ciudadano. La educación interna de los masones españoles en el último tercio del siglo XIX*. Madrid, Universidad Pontificia Comillas, 1996, p. 29.

²¹ Como o lector poderá comprobar máis adiante, na transcripción que se ofrece deste publicista catalán, resulta a todas luces imposible, cientificamente, imbricar a historia da masonería cos gremios medievals da construción -aínda que si con algúns talleres de construción escoceses modernistas (séculoXVII)-, resultando aínda máis atrevido sentenciar, como fai este autor -ao non empregar o estilisticamente necesario, por distanciador e conxeturable, «posiblemente»-, que a súa orixe histórica ubicase no lonxano ámbito dos *collegia fabrorum* do imperio romano, sin tan sequera empregar como cita de autoridade para fundamentar esta temeraria aseveración a obra do escritor e masón francés Paul Naudon (autor este que, tras ímprobos e sen dúbida meritorios esforzos, intenta demostrar a existencia dos distintos e variados nexos históricos que el creu ou quixo atopar entre a masonería medieval e os *collegia* romanos. *Vid.*: NAUDON, P. *Les origines de la Franc-Maçonnerie*. París, Dervy, 1992.

es formada por homes solidaris i tolerants. Lluita per millorament moral, intelectual i material de la humanitat i una de las seves divises és la Fraternitat, base de la Llibertat i de la Igualtat.»²²

Dentro deste modo «confesional» e intimamente subxectivo de facer historia, temos outro exemplo se cabe aínda máis esaxeradamente «místico», ao chegar o autor ao extremo de evitar o feito de definir con pormenor esta forma de sociabilidade, entendéndoa soamente como unha sociedade iniciática e semi-secreta e coma unha sorte de críptico e suxerente «conhecimento íntimo» que, como resulta lóxico presupoñer, ningún investigador que non sexa iniciado nos seus místicos misterios poderá xamais coñecer con exactitude. Referímonos ao profesor universitario e masón portugués de Oliveira Marques, chegando este coñecido investigador no seu esaxerado e pueril atrevimento, a desprezar ao resto das investigacións realizadas por historiadores non masóns, tanto portugueses como españois, rexeitando toda a súa obra ao faltarlles «un non sei que» -indubidablemente máxico- que, para este vello profesor, só o historiador masón pode posuír; ao dicir que: «Por muito grandes que sejam os méritos metodológicos, a instrução obtida pelo contacto com as fontes e a bibliografia pertinentes, falta sempre, a todos esses historiadores, um não sei quê que se revela aqui e além,...»;²³ é dicir que, por moi bo que sexa o historiador, se non foi iniciado nos misterios da masonería xamais poderá chegar ao, indubidablemente gnóstico para este autor, coñecemento sobre esta forma de sociabilidade burguesa.

Outro escritor pertencente tamén á masonería como os dous anteriores, pero que mostra no seu discurso un talante menos «confesional» ca eles, ofrécenos unha definición que compila as categorías primordiales que fundamentan, teoricamente, esta forma de sociabilidade dun xeito farto didáctico: «Na práctica, a masonería preséntase-nos hoxe en día como unha sociedade de pensamento, relativamente secreta, estendida polo mundo enteiro. Baseada na liberdade de pensamento e a tolerancia, fíxase como obxectivo a procura da verdade en todos os campos e o perfeccionamiento material e moral da humanidade. Os seus adherentes agrúpanse en loxias, capítulos, areópagos (segundo os grados da xerarquía), reunidos e constituíndo obediencias: Grandes Loxias, Supremos Consellos, Soberanos Santuarios. As súas diversas formacións difíren polos ritos practicados, expresados en rituais.»²⁴

Un paradigma asociativo de vella tradición democrática

Estamos, entón, ante unha forma de sociabilidade -orixinariamente masculina- con amplas, ambiciosas e trascendentais categorías, cunha clara e declarada ambición por perpetuarse no tempo e estenderse por todo o mundo como proclama a súa utopía fundamental, e cunha estrutura orgánica, simbólica e teórica moi definidas. Estamos

²² «A masonería é unha orde de tradición iniciática que ten a súa orixe nos *collegia fabrorum* romanos e as corporacións de constructores medievais. Practica o ritual da cerimonia, cre na súa eficacia e reconece a existencia dun principio superior que denomina Gran Arquitecto do Universo. É tamén unha escola de pensamento que estuda a ciencia dos símbolos e busca a verdade, adícase a actividades filantrópicas e está formada por homes solidarios e tolerantes. Loita pola mellora moral, intelectual e material da humanidade e unha das súas divises é a fraternidade, base da liberdade e da igualdade». Cfr.: SÁNCHEZ I FERRÉ, P. *La maçonneria a Catalunya (1868-1936)*. Barcelona, Ajuntament de Barcelona-Edicions 62, p. 21.

²³ «Por moi grandes que sexan os méritos metodolóxicos, [e] a instrucción obtida polo contacto coas fontes e bibliografía pertinentes, a todos eses historiadores fáltalles sempre un non sei que se revela aquí e alá...» Cfr.: MARQUES, A. H. DE O. *História da maçonneria em Portugal. Das Origens ao Triunfo*. Vol. I. Lisboa, Presença, 1990, p. 11.

²⁴ AMBELAIN, R. *El secreto masónico*. Barcelona, Ediciones Martínez Roca, 1987, p. 32.

ante un tipo específico de sociabilidade formal urbana e urbanizadora -organizada desde a seu mesmo inicio- de múltiples funcións: interacción social, entretemento, formación ideolóxica e práctica democrática, apoio mutuo e beneficencia, etcétera. Pero hai que subliñar o feito relevante da súa particularísima especificidade que, indubidablemente, vai radicar na súa propia estrutura orgánica.

Ó ser unha sociedade iniciática cunhas complicadas formas preestablecidas por uns estatutos, os membros elixidos para ser iniciados terán que, baixo xuramento, aceptar os principios e fins da sociedade e manter en segredo todo o que vexan e coñezan nela, a máis diso pasar por unha rigorosa selección previa, tendo ademais que superar unhas probas de iniciación non aptas para individuos con calquera problema de desequilibrio emocional ou psicolóxico. Isto, sen dúbida, vai a singularizar a esta forma de sociabilidade do resto das formas de sociabilización existentes, outorgándolle uns trazos completamente exclusivos que, ademais, ao longo da historia e en abundantes ocasións, serán copiados en parte -ou influenciarán sobremaneira- en moitas formas de sociabilidade política, filantrópica ou de puro esparcemento, chegando a súa influencia incluso ao ámbito das asociacións de índole xuvenil.

Pero incidamos agora nese punto historicamente de tanta relevancia -e que, sorprendentemente, pasou case desapercibido ata hai pouco tempo para a, polo xeral, mediocre historiografía española sobre a masonería- da «práctica democrática», explicada xa, en 1987, polo profesor da Universidade de Innsbruck Helmut Reinalter no interesante relatorio que presentou no III Symposium de Metodoloxía Aplicada á Historia da Masonería Española, celebrado en Córdoba en xuño dese ano, e recordada, en 1996, polo profesor Luís Pedro Martín Martínez, seguindo este autor a tese apuntada, en 1984, por Ran Halévi.²⁵ A masonería réxese e funciona desde o seu comezo, reglamentadamente, como unha organización que, ademais de esixir o trato socialmente igualitario entre os seus membros, se xerarquiza, estrutura e organiza seguindo unha ampla e práctica ambición de coparticipación democrática, converténdose, entón, nunha das primeiras formas de sociabilidade democrática da historia. A mesma aprobación última da admisión dun novo membro, mediante a votación de todos os compoñentes da loxia -sen importar para nada o estamento ou a clase social á que pertencese o masón e o grado ou o cargo ostentado na loxia- polo método de bolas brancas e negras; é dicir por medio do anónimo método do balotaxe; as obrigadas eleccións anuais de cargos ou dignidades da loxia, realizadas tamén polo democrático sistema de votación, copiada despois por tantas sociedades secretas, cámaras lexislativas, claustros universitarios americanos e outras institucións, son a base estrutural desa práctica democrática. Como recorda o xa citado profesor Martín: «As loxias teñen os seus responsables e a súa elección constitúe o limiar do comportamento democrático da sociedade masónica, a práctica da democracia interna maniféstase en todos os asuntos ordinarios e extraordinarios, pero a elección dos dirixentes conduce a esta práctica á súa última e verdadeira expresión. O acto da elección non está illado dos demais; en realidade é unha necesidade para a sociabilidade masónica, porque a vida cotiá dos talleres depende en gran parte da elección dos seus dirixentes en cambio, para alcanzar este nivel, a institución masónica indica o camiño a tomar con regras moi precisas. Primeiro,

²⁵ REINALTER, H. «Masonería y Democracia», en (José A. Ferrer Benimeli, coord.) *Masonería, política y sociedad*. Zaragoza, C.E.H.M.E., 1989, t. I, pp. 55-87; MARTÍN, L. P. *La masonería en Castilla y León en el siglo XIX*. Salamanca, Ediciones Diputación de Salamanca, 1996, pp. 73- 74; HALÉVI, R. *Les loges maçonniques dans la France d'Ancien Régime aux les origines de la sociabilité démocratique*. Paris, Armand Colin, 1984.

póñense condicións para ser candidato a un cargo e, segundo, o voto e o escrutinio están sometidos a controis férreos».²⁶

As masonerías latinas ou liberais e a súa imbricación política

Esta paradigmática e adiantada práctica de democracia interna nunha asociación tan antiga como a masonería moderna, fálanos dunha probable -aínda que afastada- influencia dos corporativos procedementos orgánicos dos gremios da construción da sociedade do Antigo Réxime, precedente orixinario, como xa indicamos e matizado, da súa realidade histórica e, ao mesmo tempo, pódenos estar ofrecendo a explicación -xa intuída por Antonio Gramsci- a unha das claves se cabe máis importantes da evolución histórica universal do partido político moderno, ao ser unha forma de sociabilidade secreta que, en España e en pleno segundo estadio do ciclo revolucionario burgués (1816-1820), vai ser utilizada, como tivemos a sorte de descubrir fai anos,²⁷ de soporte organizativo por aquel clandestino movemento liberal que conseguirá facer triunfar a súa conspiración antiabsolutista nun dos bastións daquela reaccionaria e «restaurada» Europa proxectada por Metternich, resultando, entón, para todas as burguesías subversivas europeas dos anos vinte, en pleno paradigma romántico, como un admirado e esperanzado arquetipo revolucionario a copiar ou seguir.

É aquí, nas heterodoxas masonerías chamadas liberais, latinas ou irregulares²⁸ onde máis particularidades vai adquirir esta forma de sociabilidade. Nestes casos, a imbricación ou influencia política que o pensamento liberal vai outorgarlle a este tipo específico de masonería vaille a conceder a esta forma de asociacionismo unhas características ou categorías novas e, ao mesmo tempo -e como o lector facilmente presumirá-, uns contidos moito máis amplos e relevantes para a historia que a esta ciencia puidéselle ofrecer un mero cronicón institucional máis sobre unha discreta entidade de sociabilidade burguesa.²⁹

Esta indiscutible importancia que van contraer as francmasonerías latinas ao longo dos séculos XIX e XX, vaise a concretar por medio dos fenómenos históricos que vai axudar a fomentar e desenvolver como, verbigracia: a historicamente apodíctica utilización desta sociedade secreta como estrutura orgánica da segunda xeración do movemento liberal español durante o Primeiro Período Absolutista e, como xa dixemos, o que isto vai representar para a subversión liberal europea da primeira metade do século XIX e o obvio prestixio ou reputación que esta sociedade vai despertar nos ambientes revolucionarios desde estes momentos;³⁰ a acollida e influencias que a masonería en

²⁶ *Ibíd.*, p. 77.

²⁷ *Supra*, nota 8.

²⁸ Aínda que non descartamos que a masonería anglosaxona ou regular non tivese tamén nalgúns momentos da súa dilatada historia, e da súa extensa influencia xeográfica, esta influencia ou imbricación política dentro da súa organización. O mesmo texto das súas *Constitucións*, citado anteriormente, dánolo a entender, cando fai clara referencia a este fenómeno da introdución ou influencia da política dentro dos “talleres” ao dicir: “...declarámonos contra toda política que *nunca conduciu* nin conducirá ao ben da loxia” o subrayado é noso. *Supra*, nota 6.

²⁹ Por moi duradeira e fructífera que fora a súa vida, fomentando a amizade e ata os negocios dos seus membros -e a boa relación das súas mulleres- a nivel local, rexional, nacional ou internacional, desenrolando a súa particular, esotérica e en tantas ocasións -salvo cando tomou os cauces deontolóxicos- baladí formación pseudofilosófica, ou levando a cabo a súa caritativa filantropía.

³⁰ A mesma utilización, desde esta época do nome simbólico por parte dos masóns ibéricos desde o mesmo momento da súa iniciación co fin de sobrevivir na clandestinidade vai ser un curioso costume que trascenderá desde o medio estritamente masónico e desde esta crucial etapa da historia española, ao ámbito político universal co uso do denominado nome de guerra, empregado polo liberalismo, o socialismo e o comunismo subversivos ata a actualidade, sendo esta particularísima tradición mantida polas masonerías española e portuguesa aínda hoxe.

xeral, pero sobre todo as masonerías latinas, vanlle a outorgar ao movemento obreiro; as sobresaintes loitas laicistas que, tanto en ámbitos políticos como sociais, manterán sobre todo as masonerías latinas francesas, españolas, italianas e belgas co clericalismo católico, apoiando o natural proceso revolucionario burgués das súas respectivas nacións; e a mesma e progresista inquietude que, cara ao precario ámbito social de total sometimento no que se atopaba a muller, vai manifestar unha boa porción das masonerías latinas, empuxadas tanto polo típico humanitarismo ilustrado que, desde a súa mesma fundación, mantivo este asociacionismo, como por un contemporáneo proselitismo combativo -case partidario- que moitas destas «obediencias» masónicas van manifestar na labor de provocar ou fomentar as primeiras reivindicacións de índole feminista da historia contemporánea.

A subversión liberal introdúcese na primeira masonería española e o que este fenómeno político-revolucionario vai conseguir.

Quizá a máis rechamante peculiaridade do masonismo español sexa, seguramente, a de ser creado, iniciándose o século dezanove, por unha masonería completamente politizada como foi en realidade a masonería bonapartista, herdeira lexítima das politizadísimas loxias xacobinas. Esta característica vai outorgarlle unha serie de peculiaridades que irá arrastrando ata o seu desastre histórico máis profundo iniciado a raíz da última guerra civil española. A politización da sociabilidade francmasónica na península ibérica é para calquera historiador que escollo este tema como obxecto de estudo, un fenómeno cheo de enormes posibilidades á hora de enfocar heurística e epistemoloxicamente as súas liñas de traballo.

Este atractivo fenómeno da politización dunha sociabilidade mutual e filantrópica como o hiramismo, iníciase para España seguramente en Brest, en pleno Consulado, correndo o ano 1801, coa creación da primeira loxia española da historia La Reunión Española e, como xa vimos, vai ter a súa irrefutable demostración documental coa súa loxia herdeira homónima, a coruñesa Logia Constitucional de la Reunión Española.

Nesta activa vila galega da Coruña comprobaremos como se vai a ir formando un convencido e combativo movemento liberal, de clara orixe cosmopolita, que vai determinar a forte impronta comercial do seu porto. Ao calor deste ambiente e xa en plena Guerra da Independencia, atopámonos nesta cidade con clarísimos exponentes da forza social que contraera esta ideoloxía como, por exemplo, o xornal El Ciudadano por la Constitución, o Club de la Esperanza, tamén denominado «Club de Jacobinos», ao cal pertencerían algúns dos liberais máis destacados de Galicia e que, poucos anos despois, compoñerán a primeira loxia masónica coñecida da historia española fundada durante o Sexenio negro, a xa citada Logia Constitucional de la Reunión Española. Sociedade esta que posuirá unha complexa serie de singularidades, entre as cales vai destacar o feito de ser a primeira e única loxia da historia universal coa flamante irregularidade francmasónica de declararse, desde o seu mesmo título distintivo, posuidora dunha clara e única tendencia política: a constitucionalista; é dicir, manifestarse seguidora ou militante das revolucionarias ideas liberais contidas na Constitución española de 1812. Pocos anos de represión absolutista máis tarde, entre 1816 e 1817, comprobaremos como a liberal loxia coruñesa vaise a reconverter nunha secretísima e reducidísima loxia militar por declaradas cuestións de seguridade; é dicir, polo exclusivo

e imperioso motivo de «eludir as persecucións da policía», ou como tamén repetirán: «para poñerse a cuberto das pesquisas da policía».³¹

Como xa publicamos en anteriores ocasións e veremos máis adiante, as tres «dignidades» ou cargos máis importantes desta nova e hiperelitista sociedade secreta denominada Los Amigos del Orden, van ser os tres militares máis involucrados na insurrección liberal coruñesa de febreiro de 1820, conseguindo facer triunfar co seu excelentemente planificado golpe de man o xa case apagado grito de Riego de Las Cabezas de San Juan.³²

O influxo masónico na denominada cultura obreira

En canto á influencia ou ao apoio que certas masonerías van manifestar co obreirismo, debo sinalar que esta interesante e suxerente cuestión trateina *in extenso* no artigo que publiquei na *Miniús* do ano 2005, onde o lector poderá apreciar ata onde chegou este labor de apoio, formación e influencias entre a masonería e o obreirismo.

De todos os xeitos, en relación a este tema da historia social e das mentalidades recordo agora uns exemplos e informacións, como xa fixemos noutra ocasión,³³ de rechamantes datos ou contrastadas informacións históricas que nos falan deste irrefutable labor de apoio e influencias, como: aquela axuda institucional que a masonería inglesa lle dispensou aos primeiros internacionalistas cando, como recorda Anselmo Lorenzo Asperilla -citando a obra *Garibaldi* de Rafael Farga Pellicer-, permitiu que os delegados obreiristas convocados pola denominada Festa da Fraternalización Internacional proxectada por Karl Marx, celebrada o 5 de agosto de 1862, reunísense nun dos seus locais;³⁴ a rechamante asunción de simboloxía ostentosamente francmasónica por parte do movemento obreiro, realizándoa tanto a Asociación Internacional de Traballadores como as agrupacións e sindicatos socialistas desde a súa fundación no século XIX ata a actualidade; o apoio e a clara influencia que innumerables loxias realizaron con respecto ao sindicalismo obreiro, como as loxias ferroviarias norteamericanas do século XIX con respecto ós obreiros sindicados nas denominadas «fraternidades ferroviarias»;³⁵ ou a sintomática pertenza á francmasonería de destacados teóricos ou líderes do obreirismo de todos os tempos como Buonarroti, Proudhon, Blanc, Blanqui, Bakunin, Faure, Fanelli, Lafargue, Lorenzo, Salvochea, etcétera.³⁶

O enconado versus entre as masonerías liberais e a Igrexa Católica

O fenómeno histórico da declarada e recíproca inimiga entre a Igrexa Católica e, fundamentalmente, as chamadas masonerías latinas da segunda metade do século XIX, é un tema de investigación que, neste momento, podemos dicir que se atopa suficientemente estudado.

³¹ Cfr.: VALÍN FERNÁNDEZ, A. J. V. *La Masonería y a Coruña... Op. cit.*, p 53.

³² Para ter máis información sobre este trascendental fenómeno histórico, *vid.*: *Supra*, nota 7.

³³ VALÍN FERNÁNDEZ, A. J. V. «La logia masónica, entidad de ocio y formación», en VV.AA. *XI jornadas d'Estudis Històrics Locals. Espai i temps d'oci a la història. Palma, del 14 al 17 de desembre de 1992*. Palma, Institut d'Estudis Baleàrics-Govern Balear, 1993, pp. 237-242; «La masonería, una discreta forma de sociabilidad democrática», en (Alberto Valín, dir.) *La sociabilidad en la Historia contemporánea. Reflexiones teóricas y ejercicios de análisis*. Ourense, Duen de Bux, 2001, pp. 75-96. Do mesmo autor, ver tamén, *Laicismo, educación, y represión en la España del siglo XX. (Ourense, 1909-1936/1939)*. Sada (A Coruña), Edición do Castro, 1993; «La masonería y el movimiento obrero: imagos e ideas para una reflexión teórica», en *Stvdia Historica. Historia Contemporánea*, Universidad de Salamanca, vol. 23, 2005, pp. 23-63.

³⁴ LORENZO, A. *El proletariado militante. Memorias de un internacional*. Madrid, Zero, 1974, pp. 61-62. Citado por: VALÍN FERNÁNDEZ, A. J. V. *Laicismo, educación, y represión... Op. cit.*, pp. 62-63.

³⁵ PETERSON, F. *El movimiento obrero norteamericano*. Buenos Aires, Marymar, (s. a.: ¿1965?), p. 262.

³⁶ Sobre este tema, *vid. e. g.*: VALÍN FERNÁNDEZ, A. J. V. *Laicismo, educación, ... Op. cit.*; «La masonería y el movimiento obrero: imagos e...» *Op. cit.*

Como xa dixemos noutra ocasión,³⁷ pódense contar por milleiros os masóns belgas, italianos, franceses e españois, así como a moitas das súas loxias e ata as súas propias «obediencias» que, durante o último terzo do século XIX e, sobre todo, ao calor das loitas antipapales que teñen lugar no proceso de unificación italiana, van manter unha declarada loita laicista -ás veces soterrada ás veces manifestamente pública-, chegando a desenvolver auténticas «campañas anticlericais»,³⁸ tanto de ámbito nacional como internacional, contra calquera forma de influencia clericalista católica. Sobre este punto e no que concerne á historia española, aconsello ao lector a lectura do traballo realizado polo profesor José-Leonardo Ruiz Sánchez, «Reflexiones sobre la controversia clérico-masónica en la Restauración y en la Segunda República» publicado no dossier «Los estudios sobre la historia de la masonería hoy» que cordinei recentemente para o número 23, ano 2005, da revista salmantina *Stvdia Historica, Historia Contemporánea*.

A masonería e a súa preocupación feminista

Doutra banda, non albergamos ningunha dúbida ao dicir que unha importante zona da primeira parte da historia do feminismo universal vaise a situar nese espazo de sociabilidade formal denominado loxia masónica. Inicialmente, entre as columnas masónicas de certas loxias continentais francesas do século dezaioito, ao inventar estas a denominada «masonería de adopción ou de damas», proxectándose esta igualitaria inquedaanza, máis tarde, entre as simbólicas columnas de loxias doutras nacións europeas como, por exemplo, as españolas. O momento máis importante historicamente desta igualitarista e importante labor que certas masonerías liberais van desenvolver con respecto a sensibilizarse pola precaria e tutelada situación da muller do seu tempo, non chegará a ter o seu auténtico marco cronolóxico ata o último cuarto do século XIX, serán, fundamentalmente, masonerías de nacións como a española e a francesa.

Xa no século anterior, o dezaioito, a francmasonería da Francia prerrevolucionaria, rompendo a ortodoxia contemplada nas xa citadas *Constitucións*, incumplira ostentosamente cunha das obrigas fundamentais desta forma de sociabilidade, a correspondente a non aceptar ou admitir nas súas loxias ás mulleres. O artigo terceiro do devandito reglamento expresabao con meridiana claridade: «As persoas admitidas como membros dunha loxia deben ser homes de ben e leais, nados libres e de idade madura e discretos, nin escravos, nin mulleres, nin homes inmorales e escandalosos, e ademais de boa reputación.»³⁹

Serán, como dicimos, os masóns franceses os que, en 1773, e facendo caso omiso a esta rotunda e misoxínica condición escrita,⁴⁰ inicien o seu desviacionista camiño cara á heterodoxia masónica, creando a denominada «*francmaçonnerie d'adoption*» ou de damas. Malia que estas «loxias de adopción» van estar, nun principio, completamente tuteladas pola masonería masculina, non hai dúbida que, historicamente, sentarán un relevante precedente. Como explica Pierre Mariel, por algo un dos primeiros autores⁴¹ en proclamar a igualdade entre os sexos foi o francmasón Guillemín de Saint-Victor; é dicir, que unha das primeiras manifestacións impresas profeministas da historia universal débese á pluma do masón francés citado coa súa *Epístola ás*

³⁷ En relación a este interesante tema ao que facemos referencia agora do combate declaradamente laicista e, en ocasións, radicalmente anticlerical desenrolado polas masonerías liberais en contra do poderoso clericalismo sostido polo catolicismo, remitimos ao lector as nosas obras: *Galicia y la masonería en el siglo XIX. Op. cit.*; y *Laicismo, educación y represión...*, *Op. cit.*

³⁸ Como eles mesmos denominaban.

³⁹ VALÍN FERNÁNDEZ, A. J. V. *Galicia y la masonería...* *Op. cit.*, p. 370. *Supra*, nota 3.

⁴⁰ Donde a muller vai ser “arroupada” por unha non moi recomendable compañía para a época, ao ir ubicada na redación feita polos clérigos das *Constitutions* entre escravos e homes inmorais.

⁴¹ Pierre Mariel chega a proclamar que o texto de Guillemín de Saint-Victor ao que fai referencia, é a primeira declaración de reivindicación feminista igualitaria da historia.

Señoras,⁴² sendo ademais este masón o probable autor, segundo nos di Mariel, dos primeiros rituais da denominada «masonería de adopción.»⁴³

De todos os xeitos, como xa adiantamos, haberá que esperar ata o último cuarto do século dezanove, para comprobar como algunhas masonerías latinas ou liberais cheguen a completar, coherentemente, este discurso ideolóxico feminista sen utilizar xa ningún tipo de pretexto tutelar con respecto á completa admisión da muller nas súas loxias. Historiograficamente, ata 1990, críase que era á masonería francesa a quen lle correspondía a progresista autoría de ser a primeira en introducir con total rango igualitario á muller entre as súas columnas, referímonos á creación da ata entón primeira loxia coñecida, sexualmente mixta, da historia da humanidade, aquela loxia parisiña, fundada por Georges Martin coa súa esposa e Maria Deraismes coas súas politicamente avanzadas amigas, o 4 de abril de 1893.⁴⁴

A partir da data antecitada de 1990, ano da publicación da tese doutoral do autor destas liñas⁴⁵, descubriuse, para sorpresa de investigadores como o hispanista italiano Oreste Macri, que non era á progresista masonería francesa senón á española a quen lle correspondía sentar o primeiro precedente histórico coñecido de ter loxias normais -non, obviamente, de «adopción»- onde non só se ingresaba á muller en «talleres» ata ese momento exclusivamente masculinos, senón que as masonas admitidas chegaban a posuír cargos de loxia relevantes, como son os casos, constatados cronoloxicamente desde 1891, da loxia de Rute (Córdoba) Nova Uter nº 43, onde, tanto a dignidade de Limosneiro como a nada insignificante de Tesoureiro estaban desempeñadas por dúas masonas, segundo infórmanos o *Boletín de Procedimientos* do 11 de xaneiro de 1891,⁴⁶ e o caso mellor coñecido das loxias de Monforte de Lemos (Lugo) Valle Hermoso nº 77, Unión nº 98, e a Gran Logia Provincial nº 19, onde, desde o 29 de abril de 1891, imos atoparnos cunha moza masona levando a responsabilidade de ostentar, en loxia, os cargos de Segundo Vixiante accidental e o de Limosneira, sendo, un ano máis tarde, nada menos que o Gran Segundo Vixiante da Gran Logia Provincial nº 19.⁴⁷

A pesar do evidente valor histórico destes precedentes españois, a relevancia internacional, tanto a nivel puramente masónico como tamén feminista, vaina a posuír a loxia «dos Martin», como era coñecida nos ambientes hiramitas ou masónicos do París da época⁴⁸ e, sobre todo, a indubidable proxección universal que van ter os seus traballos de claro pálpito feminista ao fundar, poucos anos máis tarde, en 1896, unha «obediencia»

⁴² «Así, miñas Donas, destruindo os sentimentos ridículos que un falso amor propio podería producir, os recoñecemos tan libres e tan razoables coma nos...» Citado en: MARIEL, P. *Rituales e iniciaciones en las sociedades secretas*. Madrid, Espasa-Calpe, 1978, pp. 175-179.

⁴³ *Ibidem*, p. 179. Aquela masonería feminina a que o «irmán» Mozart adicaría a súa célebre e alegórica *estravaganza* de fadas, na popular e aparente forma de *singspiel*, intitulada A Frauta Máfica. Non se esqueza o lector que nesta auténtica *Grösse Oper*, o persoaxe principal é Pamina, a personificación mozartiana da «nova» muller, aquela que é aceptada no Templo da Sabiduría, é decir na masonería.

⁴⁴ (Daniel Ligou, dir.) *Histoire des Francs-maçons en France*. Toulouse, Privat, 1987, p. 320.

⁴⁵ VALÍN FERNÁNDEZ, A. J. V. *Galicia y la masonería...* *Op. cit.*, pp. 369-378.

⁴⁶ *Ibidem*, p. 107.

⁴⁷ *Ibid.*, p. 369. Sobre a muller na historia da masonería española a Dra. Ortiz Albear publicou, recentemente, o primeiro libro adicado a este tema. *vid.*: ORTIZ ALBEAR, N. *Las mujeres en la masonería*. Málaga, Universidad de Málaga, 2005. Desta mesma autora aconsello tamén a lectura da seguinte monografía: «La integración de las mujeres en la masonería española a través del Rito de Adopción (1868-1939)», publicada no volumen 23, 2005, da revista salmantina *Studia Historica. Historia Contemporánea. Vid.*, tamén: RANDOUYER, F. «Presencia femenina precoz en las logias españolas (1868-1898)». (José A. Ferrer, coord.). *La masonería española en el 2000. Op. cit.*, pp. 603-626; LACALZADA DE MATEO, M. J. «Du foyer à l'espace public. Les femmes et la Franc-maçonnerie en Espagne (1868-1936)». (Luis P. Martín, dir.). *Les franc-maçons dans la cité. Les cultures politiques de la Franc-maçonnerie en Europe XIXe-XXe*. Rennes, P. U. R., 2000, pp. 125-145.

⁴⁸ VV. AA. *Histoire des Francs-maçons...* *Op. cit.*, 320.

masónica denominada tamén «Dereito Humán» e que, moi pronto, chegará a posuír unha auténtica e ben coordinada estrutura internacional. Como nos din os profesores Jacques Brengues e Daniel Ligou, nada máis constituída a loxia inicial, «*on parle immédiatement du rôle de la femme dans la société, de ses droits civils et politiques, ...*»⁴⁹

Recapitulación

Espero que a esta altura do discurso o lector poida ir facéndose unha introductoria e obxectiva idea sobre esta singular forma de sociabilidade que, doutra banda, rolda xa os tres séculos de prolífica vida e que, como sucedeu ao longo de toda a súa extensa historia, aínda hoxe segue suscitando controvertidas polémicas. Como o mesmo lector estará pensando é, en realidade, o que este fenómeno social e ideolóxico pódenos ofrecer cando o traballo do investigador intenta «deconstruír» -valga o estruturalista neoloxismo- este complexísimo obxecto do estudo histórico e antropolóxico denominado francmasonería.

Moitas son as posibilidades de desenvolvemento que posúen estes distintos ámbitos da investigación masonolóxica que aquí unicamente esbozáronse. Por exemplo, por que entendo esta sociabilidade como unha cultura política; a versatilidade e diversidade que encerra hoxe a palabra masonería ou, dito doutro xeito, o que vén ser na actualidade esta complicada e variadísima asociación onde podemos atopar, desde multitudinarias e economicamente poderosas institucións conservadoras como a tradicional e exclusivamente masculina masonería británica ou a estadounidense, a precarias asociacións de claro corte liberal e progresista e de total heterodoxia en relación ás *Constitutions* de Anderson; como pode chegar a definirse a este curioso modelo asociativo; que motivacións primordiais son as que manteñen a estes homes e mulleres organizados nela; o seu mesmo enfoque como sociabilidade de amplo, antigo e arquetípico rexistro democrático; as súas claras e trascendentais influencias dentro do proceso revolucionario burgués, desde o feito inicial de funcionar como unha entidade máis de difusión do criterio liberal, pasando por servir de útil estrutura orgánica para a supervivencia na clandestinidade do movemento revolucionario da devandita ideoloxía,⁵⁰ ata o feito de desenvolver o seu combativo labor laicista e anticlerical, tanto desde o humilde sostenimento dunha escola laica local⁵¹ como desde a pública promoción, apoio e sostemento das chamadas campañas anticlericais;⁵² as súas curiosas interrelacións co movemento obreiro como o lector da revista *Minius* do ano 2005 pode comprobar lendo a miña colaboración sobre este tema,⁵³ e a súa destacada participación dentro da historia da emancipación da muller.

⁴⁹ «Fálase inmediatamente do papel da muller na sociedade, dos seus dereitos civís e políticos,...». *Ibíd.*

⁵⁰ Véxase, sobre este tema, o meu artigo «Botas y espadas en la secreta sociedad de la espada y el compás: la masonería y los militares en la Historia de España», publicado en el *Anuario Brigantino* 2004, nº 27, pp. 223-242.

⁵¹ Ou o directo enfrontamento mantido polo masón e pola loxia correspondente co teocrático cacique de turno, como nos mostra, constantemente a historia das masonerías latinas ao longo do século XIX. Sobre este tema, véxanse, por exemplo, os casos da auténtica persecución clerical que sufriron os masóns galegos: Manuel Castro López, Ricardo Miser Viriato e Gabriel Serafín Salgado de Guevara; ou o caso das loxias lucenses estreitamente «vixiadas» polo bispo Aguirre; ou o daquel escandaloso affaire, materializado na forma de violentas manifestacións anticlericais, ocasionado polo cardeal Martín de Herrera na Coruña no verán de 1891, cando lle negou aos familiares do masón republicano Federico Tapia soterrar no cemiterio os seus restos. *Vid.*: VALÍN FERNÁNDEZ, A. J. V. *Galicia y la masonería... Op. cit.*

⁵² Chegando incluso nesta loita pola secularización a identificarse con certos gobernos ou con certos movementos revolucionarios.

⁵³ VALÍN FERNÁNDEZ, A. «El movimiento obrero y la masonería: una reflexión teórica en torno al encuentro de dos culturas políticas y sus representaciones», en *Minius*, nº XIII, pp. 201-225.